

ACTA DE APERTURA E CUALIFICACIÓN DA DOCUMENTACIÓN XERAL DO PROCEDEMENTO ABERTO CUN ÚNICO CRITERIO DE VALORACIÓN (FACTOR PREZO) DA OBRA CAMIÑO DE CRUXEIRAS E ENTORNO DA IGREXA DE AMES E RÚA LODEIRO. POS 2016

Na Casa Consistorial de Ames sendo as dez horas e cinco minutos do día trinta de novembro de 2016, reúnese a Mesa de Contratación designada para a tramitación da adxudicación do procedemento aberto das obras de “camiño de Cruxeiras e entorno da igrexa de Ames e rúa Lodeiro”.

ASISTENTES:

Presidente:

Don José Blas García Piñeiro, concelleiro delegado de urbanismo, obras públicas e servizos básicos.

Vogais:


- Dona Rosa Ana Prada Queipo, secretaria da Corporación.
- Dona Margarita Fernández Sobrino, interventora da Corporación.
- Don José Rogelio Pardo Martínez, xefe do departamento de contratación.

Secretario: Don Emilio Garrido Moreira, funcionario do departamento de contratación.

Constitúe o obxecto desta reunión proceder á cualificación da documentación xeral presentada polos licitadores. Durante o prazo de presentación aberto para os licitadores, que rematou o día 16 de novembro, presentaron ofertas vinte e tres empresas.

A continuación procédese a apertura do sobre “A” nomeado “documentación administrativa” resultando o seguinte:

EMPRESA	DECLARACION RESPONSABLE	% SUBCONTRATACIÓN	DATOS CONTACTO	DE	DECLARACIÓN TRABALLADORES	COMPROMISO ADSCRICIÓN MEDIOS
EXCAVACIONES POSE SL	SI	SI	SI		SI	SI
CONSTRUCCIONES CONCIFA SL	SI	SI	SI		SI	SI
EXCAVACIONES YONI TUÑAS SL	SI	SI	SI		SI	SI
FONTEFRÍA SL	SI	SI	SI		NO	SI
EXCAVACIONES CERNADAS VALIÑA SL	SI	SI	SI		SI	SI
EXCAVACIONES Y OBRAS MELCHOR SL	SI	SI	SI		SI	SI
ASFALGAL TÉCNICAS VIARIAS SL	SI	SI	SI		SI	SI
MOVIMIENTOS DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA SL	SI	SI	SI		SI	SI
CONSTRUCCIONES J. MAURI E HIJOS SL	SI	SI	SI		SI	SI
CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO SL	SI	SI	SI		SI	SI
SONDEOS PORZUNA SL	SI	SI	SI		SI	SI
ARINES OBRAS Y PROYECTOS SL	SI	SI	SI		SI	SI
OBRAS Y VIALES DE GALICIA SL (OVIGA SL)	SI	SI	SI		SI	SI
MARTÍNEZ MONTES E HIJOS SL	SI	SI	SI		SI	SI






ARIAS INFRAESTRUTURAS SA	SI	SI	SI	SI	SI
NEMESIO ORDÓÑEZ SA	SI	SI	SI	SI	SI
CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ SL	SI	SI	SI	SI	SI
CANARGA CONSTRUCCIONES SL	SI	SI	SI	SI	SI
EXCAVACIONES CANCELA SL	SI	SI (32%)	SI	SI	SI
CONSTRUCCIONES D. OGANDO SL	SI	SI	SI	SI	SI
F. GÓMEZ Y CÍA SL	SI	SI	SI	SI	SI
EXPLOTACIONES GALLEGAS SL	SI	SI	SI	SI	SI
AQUABLUE SISTEMAS CONSTRUCTIVOS SL	SI	SI	SI	SI	SI

A mesa de contratación despois de estudar a documentación presentada no sobre A polas distintas empresas licitadoras advirte que algunha delas (concretamente Fontefría SL) non presenta o modelo denominado “*certificado sobre traballadores con discapacidade*”, como así se estipula no apartado 12.1 do prego que serve de base para a licitación.

Tamén se observa que a empresa Excavaciones Cancela SL presenta a totalidade da documentación que segundo os pregos de cláusulas administrativas debería figurar no sobre da documentación administrativa. No anexo relativo á porcentaxe de obra que ten previsto subcontratar indica que a porcentaxe ascende ao 32 %, excedendo o importe máximo de subcontratación previsto no apartado 12 do cadro de características dos pregos de contratación que é do 30 %.

A continuación, e tendo en conta o anteriormente exposto, previa deliberación, a Mesa de Contratación, por unanimidade dos seus membros, **ACORDA:**

- 1º.- A EXCLUSIÓN do procedemento da empresa Excavaciones Cancela SL polos motivos expostos anteriormente.
- 2º.- Dirixir escrito vía fax ás empresas que non presentan o modelo denominado “*certificado sobre traballadores con discapacidade*” concedéndolle un prazo de **5 días naturais** ós efectos de que acheguen ante a mesa de contratación a documentación requirida.
- 3º.- Unha vez sexa presentada, polas empresas, a documentación xustificativa requirida a mesa reunirse novamente para proceder á apertura dos sobres C que conteñen as ofertas económicas das empresas admitidas na licitación.

E non habendo máis asuntos que tratar o señor Presidente dou por rematado o acto sendo as dez horas e cincuenta e oito minutos, do que se estende a presente acta, que en proba de conformidade asinan todos os membros da Mesa de Contratación, e eu, como secretario da mesma, certifico.